

Taxa de mortalidade

Resumo de resultados 11/02/2025

ÍNDICE

Información para Galicia e provincias segundo o grao de urbanización	1
Información para Galicia segundo o subgrao de urbanización	2
Definicións, fontes e máis información	4

ZDP: Zona densamente poboada; **ZIP:** Zona intermedia; **ZPP:** Zona pouco poboada

Información para Galicia e provincias segundo o grao de urbanización

Taxa de mortalidade bruta e estandarizada segundo o grao de urbanización. Información para Galicia e provincias. Ano 2023


No ano 2023 en Galicia a ZPP aparece moi diferenciada das outras zonas pola súa alta taxa bruta de mortalidade (16,6 defuncións por 1.000 habitantes). Por outra parte, as menores taxas brutas de mortalidade rexístranse na ZDP e ZIP, que contan cunha poboación máis nova que a ZPP.

As provincias de Lugo e Ourense presentan taxas brutas de mortalidade máis altas que as da Coruña e Pontevedra. Ademais, cómpre resaltar os elevados valores que toma o indicador na ZPP das provincias de Lugo e Ourense (19,4 e 19,9 defuncións por 1.000 habitantes, respectivamente).

Por outra parte, as taxas estandarizadas de mortalidade, que eliminan o efecto da estrutura por idades, reflicten unha notable diminución das diferenzas na mortalidade entre zonas.


	Taxa bruta				Taxa estandarizada			
	Total	ZDP	ZIP	ZPP	Total	ZDP	ZIP	ZPP
Galicia	12,1	10,7	10,4	16,6	12,1	11,4	11,8	13,2
• A Coruña	11,5	10,8	10,1	15,0	11,8	11,1	11,6	12,8
• Lugo	15,7	11,0	14,8	19,4	13,8	12,5	14,5	14,0
• Ourense	15,6	12,1	11,9	19,9	12,9	11,9	12,1	13,6
• Pontevedra	10,5	10,1	9,6	13,9	11,5	11,2	11,2	12,7

Taxa bruta de mortalidade. Ano 2023



Loading [a11y]/accessibility-menu.js

Taxa estandarizada de mortalidade. Ano 2023



Loading [MathJax]/extensions/MathMenu.js

Información para Galicia segundo o subgrao de urbanización

Taxa de mortalidade bruta e estandarizada segundo o subgrao de urbanización

No período 2003-2023 incrementábase a taxa bruta de mortalidade en todas as subzonas. A subzona na que máis aumentou a taxa bruta de mortalidade neste período foi na ZPP baixa.


No ano 2003 a taxa bruta de mortalidade presenta unha relación inversa co subgrao de urbanización, salvo na ZIP alta, que presenta valores inferiores aos da subzona de urbanización inmediatamente superior; no ano 2023 prodúcese a mesma ruptura na ZIP alta; nesta subzona a taxa bruta de mortalidade é menor que na ZDP.

As taxas estandarizadas de mortalidade experimentan un crecemento no período 2003-2023 en todas as subzonas de urbanización, moi similar ao comportamento da taxa bruta no mesmo período. Por outra parte, as taxas estandarizadas de mortalidade das subzonas reducen notablemente as diferenzas existentes entre as taxas brutas, tanto no ano 2003 como no ano 2023.

Polo que respecta á mortalidade segundo o sexo, os homes presentan taxas brutas de mortalidade superiores ás das mulleres en todas as subzonas menos na ZPP baixa.


	Taxa bruta		Taxa estandarizada	
	2003	2023	2003	2023
Total	11,0	12,1	11,0	12,1
ZDP	9,7	10,7	11,2	11,4
ZIP	9,3	10,4	11,1	11,8
ZIP alta	8,8	10,0	10,9	11,6
ZIP baixa	10,7	11,6	11,4	12,3
ZPP	14,5	16,6	10,9	13,2
ZPP alta	12,2	12,7	11,3	12,3
ZPP intermedia	13,0	15,9	10,8	13,2
ZPP baixa	15,8	19,0	10,7	13,6

Taxa bruta de mortalidade. Galicia. Anos 2003 e 2023




Loading [MathJax]/extensions/MathMenu.js

Taxa estandarizada de mortalidade. Galicia. Anos 2003 e 2023



Loading [MathJax]/extensions/MathMenu.js

Taxa bruta de mortalidade segundo sexo e subgrao de urbanización. Ano 20:



Loading [MathJax]/extensions/MathMenu.js

Taxa bruta

	Homes	Mulleres
Total	12,6	11,7
ZDP	11,2	10,3
ZIP alta	10,4	9,7
ZIP baixa	12,2	11,1
ZPP alta	13,1	12,3
ZPP intermedia	16,5	15,3
ZPP baixa	18,9	19,0

Definicións, fontes e máis información

Definicións

Taxa bruta de mortalidade: Número de defuncións por cada 1.000 habitantes.

Taxa de mortalidade estandarizada: Media ponderada das taxas específicas de mortalidade por idade onde as ponderacións proceden dunha poboación de referencia, neste caso o poboación de Galicia.

Descarga de datos

- [Taxa de mortalidade bruta e estandarizada segundo o grao de urbanización](#) (Información para Galicia e provincias desde o ano 1996)
- [Taxa de mortalidade bruta e estandarizada segundo o subgrao de urbanización](#) (Información para Galicia e provincias desde o ano 1996)

Fontes de información

IGE. Elaboración propia a partir de: IGE. Cifras poboacionais de referencia, IGE-INE. Movemento Natural da Poboación